

Regulamento do Teleclube.

LETRAS DA FOLIA, SL, como xestora de **BenComún Espazo**, vai desenvolver durante o 2019, dentro das actividades do espazo, a presentación e visionado de diferentes obras cinematográficas, ofrecendo ás persoas que estean interesadas a participación nesta actividade que denomina “*Teleclube*”.

Existirán 2 modalidades de proxeccións.

- Películas incluídas na licenza *Umbrella*. Películas gratuítas.
- Películas contratadas a distribuidoras. Películas non gratuítas.

Para o desfrute da actividade de tripulante do **Teleclube**, existen 4 modalidades:

1. **Tripulante Individual:** 60 €/ano. Disporá dunha tarxeta individual que poderá ser utilizada por calquera membro da familia que veña recollido na folla de inscrición, respectando a idade recomendada para cada película.  
Existe a modalidade de tripulante semanal, que pagará unha cota de 7 €, que contará cun pase individual para a semana contratada (película de distribuidora). Supeditado á existencia de prazas libres.
2. **Tripulante Familiar:** 100 €/ano. Disporá de dúas tarxetas individuais que poderán ser utilizada por calquera membro da familia que veña recollido na folla de inscrición, respectando a idade recomendada para cada película.
3. **Tripulante Infantil:** crearase para o 2019 xunto coa sección *Lingualonga*. A cota será de 20 € ao ano.
4. **Tripulante Mecenaz:** suplemento de 50 € na cota elexida agás na infantil e semanal.

Cada tripulante ten dereito a 10 películas ao ano gratuítas (pertencentes á licenza *Umbrella*). Para a proxección de ditas películas ten que haber un número mínimo de 5 persoas. Para iso vanse propor diferentes ciclos (entre todas/os) e proxectaranse aqueles que teñan máis demanda. Os días de proxección tamén se decidirán por maioría. Neste caso pódense facer varias sesións.

Nas películas contratadas a distribuidoras cada tripulante **abonará** un suplemento de 3 € por cada sesión. Como hai que pagar cada sesión, o número de sesións dependerá do número de tripulantes.

O pago da modalidade escollida farase mediante tarxeta de crédito dende a pasarela de pago da web de BenComún ou mediante transferencia ou ingreso bancario na conta sinalada, especificando o concepto “Tripulante Teleclube” e o nome e apelidos. Ao presentar o xustificante do pago entregarase o carné de tripulante.

O suplemento abonarase o día da proxección. Os Tripulantes terán, previa **solicitud**, dereito a

- ✓ [10 horas ao mes para usar no espazo a conexión a internet.](#)
- ✓ [10% de desconto nas actividades e cursos que o espazo decida](#)
- ✓ [30% de desconto nas reservas do espazo e servizos que alí se ofrecen.](#)

O tripulante teñen preferencia de reserva de praza ata 96 horas antes da proxección e/ou ata completar capacidade.

Os Tripulantes de calquera modalidade poderán **convidar a outras persoas non tripulantes sempre e cando existan prazas libres (2 veces ao ano)**. O custo para estes non tripulantes será de 5 € (películas de distribuidora).

O tripulante mecenas terá dereito, ademais, a reservar a sala de proxección (3 horas) 6 veces ao ano de xeito gratuíto ou 20 horas ao mes de impresora 3D.

A programación do **Teleclub** será dun mínimo de 1 proxección ao mes, agás nos períodos de vacacións.

Unha vez por trimestre haberá unha proxección do “*Teleclub miúdo*”, cun horario e día por definir, que será previamente anunciado.

#### **NORMAS E CONSELLOS DE USO DO ESPAZO**

- As normas de comportamento serán similares ás dun cine. Respecto a comer e beber durante a proxección, isto valorarase previamente entre os participantes.
- Durante as proxeccións e presentacións non se poderán utilizar dispositivos móbiles ou electrónicos que dificulten a participación dos outros tripulantes, podendo facelo nos tempos de descanso e na zona de ambigú.
- Os tripulantes tampouco gustan dos comentarios durante as proxeccións, por iso prefiren comentar no tempo de descanso mentres desfrutan do ambigú.
- **BenComún Espazo** é un espazo común de traballo, polo que tódalas persoas que asistan ás actividades no local deberán respectar os lugares de traballo e espazos comúns.
- No caso das proxeccións infantís, nais e pais son as persoas responsables das súas fillas e fillos.
- Os tripulantes poderán utilizar a zona de descanso (*office*) que conta con auga fría e quente, cafeteira, café e infusións e microondas. Existe ademais unha neveira con bebidas (poderemos ter aquela que se nos solicite), por cuxo consumo se solicita a achega de 1 € por consumición.
- **BenComún Espazo** levará a cabo a promoción, en diferentes medios, das actividades que programe. Durante a celebración dos distintos eventos realizaremos fotografías e/ou vídeos co fin de darlle difusión ás distintas actividades que desenvolvamos na nosa web, blog e redes sociais. O tripulante que non estea conforme con este uso de imaxes nas que poida aparecer, deberá marcar a casa de embaixo.

Non consinto na utilización, para os fins descritos, de imaxes nas que eu apareza.



FOLLA DE INSCRICIÓN.

Datos Persoais.

- Nome e apelidos:
- Data de nacemento:
- Teléfono e correo-e de contacto:

- Tripulante individual.
- Tripulante familiar.
- Tripulante mecenas individual.
- Tripulante mecenas familiar.

Membros da familia que poden acceder coa tarxeta:

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

Sinatura